



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO 1º NIVEL DE EP ADAPTACIÓN DA

CENTRO: CEIP A SOLAINA

CURSO: 1º EP

MATERIA: TITORÍA

DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CIENCIAS NATURAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1º Trimestre	
Coñecer as principais partes do corpo e da cara	Identifica as principais partes do corpo e da cara
Nomear os cinco sentidos e asocialos aos seus órganos	Identifica os cinco sentidos e os seus órganos
Recoñecer as función dos cinco sentidos	Diferencia a función de cada sentido
Coñecer e sinala as articulacións e os ósos	Identifica e sitúa as articulacións e os ósos
2º Trimestre	
Identificar as principais características dos seres vivos.	Coñece as principais características dos seres vivos
Establecer semellanzas e diferenzas entre os animais e as plantas	Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes
Clasificar distintos animais mamíferos segundo o seu tipo de alimentación.	Diferencia e clasifica os animais segundo a súa alimentación
Recoñecer a diferenciación entre animais domésticos e salvaxes	Diferencia e clasifica os animais segundo sexan salvaxes ou domésticos
3º Trimestre	
Coñecer e sinala as articulacións e os ósos	Identifica e sitúa as articulacións e os ósos
Identificar as principais características dos seres vivos.	Coñece as principais características dos seres vivos
Establecer semellanzas e diferenzas entre os animais e as plantas	Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes
Clasificar distintos animais mamíferos segundo o seu tipo de alimentación.	Diferencia e clasifica os animais segundo a súa alimentación

Recoñecer a diferenciación entre animais domésticos e salvaxes	Diferencia e clasifica os animais segundo sexan salvaxes ou domésticos
CIENCIAS SOCIAIS	
1º Trimestre	
Coñecer as tarefas que desempeñan as persoas que traballan no colexio.	Identifica e describe as tarefas das persoas que traballan no colexio
Coñecer a súa pertenza a unha familia.	Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
Identificar diferentes tipos de vivendas e describe oralmente cada unha delas	Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas..
Coñecer os materiais principais para construír unha casa	Coñece os principais materiais de construción.
Coñecer as diferenzas e semellanzas entre unha aldea, unha vila e unha cidade.	Diferencia entre aldea, vila e cidade
2º Trimestre	
Nomear elementos naturais onde hai auga: mares e océanos	Describe as características principais da auga e onde se atopa na natureza
Coñecer os usos cotiáns da auga. Facer uso responsable da auga.	Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.
3º Trimestre	
Coñecer a súa pertenza a unha familia.	Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
Identificar diferentes tipos de vivendas e describe oralmente cada unha delas	Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas..
Coñecer os materiais principais para construír unha casa	Coñece os principais materiais de construción.
LENGUA CASTELLANA	
1º Trimestre	
Leer en voz alta diferentes textos, con fluidez y entonación adecuada.	Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada

	tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
Leer, repasar y escribir palabras y oraciones con las letras trabajadas.	Identifica e realiza o trazo das letras traballadas
Unir letras para formar sílabas, sílabas para formar palabras y palabras para formar oraciones.	Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
Conocer la correspondencia entre fonemas y grafías.	Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
2º Trimestre	
Reconocer la regla ortográfica principal de uso de la <i>g</i> y de la <i>gu</i>	Identifica e usa correctamente a regra ortográfica
Reconocer la regla ortográfica principal de uso de las sílabas <i>ca, co, cu, que, qui</i> .	Identifica e usa correctamente a regra ortográfica
Distinguir si un nombre es masculino o femenino.	Distingue xénero e número en palabras habituais.
Reconocer la regla ortográfica principal de uso de la <i>c</i> y de la <i>z</i>	Identifica e usa correctamente a regra ortográfica
3º Trimestre	
Leer en voz alta diferentes textos, con fluidez y entonación adecuada.	Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
Leer, repasar y escribir palabras y oraciones con las letras trabajadas.	Identifica e realiza o trazo das letras traballadas
Unir letras para formar sílabas, sílabas para formar palabras y palabras para formar oraciones.	Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
Conocer la correspondencia entre fonemas y grafías.	Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
Reconocer la regla ortográfica principal de uso de la <i>g</i> y de la <i>gu</i>	Identifica e usa correctamente a regra ortográfica

Reconocer la regla ortográfica principal de uso de las sílabas <i>ca, co, cu, que, qui</i> .	Identifica e usa correctamente a regra ortográfica
Distinguir si un nombre es masculino o femenino.	Distingue xénero e número en palabras habituais.
Reconocer la regla ortográfica principal de uso de la <i>c</i> y de la <i>z</i>	Identifica e usa correctamente a regra ortográfica
MATEMÁTICAS	
1º Trimestre	
Leer, escribir y descomponer números hasta el 29, utilizándolos en la interpretación y la resolución de problemas en contextos reales.	Le, escribe e ordena números ata o 29. E descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Realizar cálculos numéricos básicos con las operaciones de suma y resta, utilizando diferentes estrategias y procedimientos.	Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma ou da resta(sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
2º Trimestre	
Leer, escribir y descomponer números hasta el 69, utilizándolos en la interpretación y la resolución de problemas en contextos reales.	Le, escribe e ordena números ata o 69. E descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Elegir la unidad más adecuada y utilizar el instrumento adecuado según la magnitud para medir objetos, espacios y tiempos con unidades de medidas no convencionales y convencionales.	Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
Comparar números identificando el número mayor, el menor o el igual a otro dado.	Compara e identifica o numero maior, igual ou menor a outro dado..
3º Trimestre	

Leer, escribir y descomponer números hasta el 99, utilizándolos en la interpretación y la resolución de problemas en contextos reales.	Le, escribe e ordena números ata o 99. E descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Realizar cálculos numéricos básicos con las operaciones de suma y resta, utilizando diferentes estrategias y procedimientos.	Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma ou da resta(sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
Comparar números identificando el número mayor, el menor o el igual a otro dado.	Compara e identifica o numero maior, igual ou menor a outro dado..
LINGUA GALEGA	
1º Trimestre	
Recoñecer a consoante e a súa localización na palabra.	Identifica e diferencia vogais de consonantes.
Diferenciar, tanto de forma oral como escrita, as sílabas directas e inversas	Identifica e emprega adecuadamente as sílabas directas e inversas
Comprender e ordenar frases coas palabras desordenadas e escribeas correctamente	Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
2º Trimestre	
Recoñecer e asimila o uso de c e qu.	Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.
Distinguir auditivamente r forte e r simple.	Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.
Recoñecer os grupos consonánticos e a súa localización na palabra	Desenvolve a conciencia fonolóxica, identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais das palabras.
3º Trimestre	
Recoñecer a consoante e a súa localización na palabra.	Identifica e diferencia vogais de consonantes.

Diferenciar, tanto de forma oral como escrita, as sílabas directas e inversas	Identifica e emprega adecuadamente as sílabas directas e inversas
Comprender e ordenar frases coas palabras desordenadas e escribeas correctamente	Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
Recoñecer e asimila o uso de c e qu.	Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.
Distinguir auditivamente r forte e r simple.	Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.
Recoñecer os grupos consonánticos e a súa localización na palabra	Desenvolve a conciencia fonolóxica, identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais das palabras.
PLÁSTICA	
1º, 2º e 3º Trimestre	
Utilizar as tesoiras e o pegamento con autonomía	Utiliza as tesoiras e o pegamento con autonomía e responsabilidade.
Realizar debuxos e o seu coloreado	Realiza debuxos e colorea correctamente
Usar diferentes técnicas e materiais de pintura	Emprega pinturas, pinceís, rotuladores...de xeito correcto.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación deste 3º trimestre será a nota da 2ª avaliación nas materias de contidos progresivos (LC, LG e Matemáticas), nas materias de contidos non progresivos (CCNN, CCSS e Plástica)realizarase, mediante unha media do 1º e do 2º trimestre, tendo en conta que todas as actividades de repaso e reforzo propostas dende a suspensión das actividades lectivas presenciais, puntuarán sempre con carácter positivo a cualificación que teña o alumnado nas avaliacións anteriores.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Informes de rexistro de acceso á plataforma de Aula Virtual e a entrega de cuestionarios, das diferentes materias a través da mesma plataforma. Así como a entrega voluntaria de tarefas propostas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>LENGUA CASTELLANA: Nota da 2ª avaliación. MATEMÁTICAS: Nota da 2ª avaliación. LINGUA GALEGA: Nota da 2ª avaliación. CIENCIAS NATURAIS: A nota será a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. CIENCIAS SOCIAIS: A nota será a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. PLÁSTICA: A nota será a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación.</p>
Alumnado con algún trimestre suspenso.	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Dado que neste 3º trimestre se está a repasar e reforzar os estándares de aprendizaxe do 1º e 2º trimestre, os criterios serán os mesmos que os que se recollen na táboa do apartado 1 deste documento.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Valorarase positivamente o esforzo do alumnado por realizar a entrega das tarefas de mellora e de reforzo recomendadas.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Envíase adicionalmente material de reforzo de xeito individualizado, dando a oportunidade de feedback e recollendo rexistros das tarefas elaboradas ou entregadas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades propostas para o 3º trimestre baséanse en actividades semanais de reforzo, mellora ou ampliación sobre os contidos dados no 1º e 2º trimestre.</p> <p>Estas actividades proporciónanse ao alumnado a través da plataforma Aula Virtual, dándolles varias opcións para a súa execución: poden imprimilas ou facelas nun caderno ou folio. Tamén se lles proporciona URLS interactivas para así intentar satisfacer ás necesidades do alumnado ou minimizar as dificultades das familias no acceso a elas.</p> <p>Asemade incluímos cuestionarios, que favorecen a autonomía do alumnado e ao mesmo tempo ofrécelles un feedback na súa aprendizaxe.</p> <p>Realizamos unha planificación semanal e axustada das actividades en función das características e medios dispoñibles polo alumnado, sen que haxa un exceso de actividades diarias ou semanais, e dando retorno periódico de información ao alumnado ou ás súas familias sobre as actividades desenvolvidas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Partindo do suposto de que o 3º trimestre desenvolverase de xeito NON presencial, o proceso de ensino-aprendizaxe será virtual e individualizado, primando o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas no 1º e 2º trimestre, priorizando a consecución das competencias do alumnado e tendo en conta os medios cos que conta e a súa dispoñibilidade, o apoio familiar ou as súas necesidades específicas de apoio educativo.</p> <p>Aquelas familias que o precisen, poderán beneficiarse do servizo de impresión facilitado polo Concello ou a través da dirección do centro no caso de que as dificultades de conectividade persistan.</p>

Materiais e recursos	Os materiais necesarios para levar a cabo as tarefas propostas son: ordenador, tablet ou móbil, un caderno ou folios, e material funxible como lapis, goma e cores.
-----------------------------	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado está á disposición do alumnado para poder axudar e tentar buscar solucións no desenvolvemento das actividades ou resolver as dúbidas académicas que xurdan.</p> <p>Tanto as titoras como os mestres especialistas adoptaron diversas canles de comunicación como o servizo de mensaxería ABALAR, foros habilitados para cada curso, o servizo de mensaxería da aula virtual ou mesmo os correos electrónicos.</p> <p>Asemade o profesorado prestamos especial atención en identificar ao alumnado que se atope desconectado durante un gran período de tempo por diversas circunstancias ou non esté localizable.</p> <p>De non ser posible, notificamos ditas dificultades de contacto e comunicación ao equipo directivo para que efectúe o traballo pertinente e que se podan levar a cabo finalmente esas canles de comunicación.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/</p>